

Estimado/a alumno/a:

Dirixímonos a ti para comunicarche que estamos a organizar unha cea á que estades convocados todos os ex-alumnos e ex-alumnas de Galén, celebrarase o 6 de marzo ás 21.30 horas no Gran Hotel de Lugo.

Cumprimos dez anos, é unha data significativa que non podemos nin debemos deixar pasar sen facer memoria. O paso do tempo, a experiencia e a distancia fainos ver o importante que vosoutros e vosoutras fostes para todos nós.

Vós medrastes con Galén e Galén medrou con vós.

Moitos de nós crecemos contigo, como profesores e profesoras, mais non só o profesorado, tamén Galén que se foi enriquecendo e transformando coas aportacións que nos fixeches, sendo unha lembranza de agarimo para todos e todas nós.

O alumnado actual é, e ti fuches tamén, o motivo e o centro do noso labor, sen ti e sen as túas lembranzas e vivencias aquí, en Galén, unha celebración destas características carecería de sentido.

Haberá agasallos, anécdotas, risos, contos, bágoas e, tamén, discursos vosos e nosos... Esperamos que sexa algo entrañable que nos faga lembrar momentos que non se van repetir e todo isto non sería posible sen a túa presenza; queremos que todos e todas estades alí.

Estás convidado a asistir, e agradeceríanos que así fose.

A cea celebrarase nun dos salóns do Gran Hotel e continuará na discoteca do propio Hotel.

Raúl Pérez Grande

Director Pedagógico

O prezo é de 40 euros por persoa. Cómpre confirmar a asistencia antes do 24 de febreiro. Podes facer o ingreso especificando o voso nome e apelidos na conta: Caixanova 2080-0152-64-0040029131, posteriormente podedes recoller a invitación en Galén ou o mesmo día da cea no Gran Hotel. Tamén podes aboar directamente a tarxeta no Centro. CONSULTA NO FACEBOOK O MURO DE GALÉN.